

Os libros desta biblioteca andan tolos... a todos lles ocorren cousas estrañas e misteriosas. Son libros que agardan nos estantes a ser lidos, coas historias pechadas nas súas barrigas. Libros aos que lles aconteceron aventuras, que gardan segredos e que un día sen mais se convertiron en libros fantásticos. Cada un ten unha historia para contar: como viaxan os contos polos mares, cal é a razón pola que as bolboretas baten tan rápido as ás, que fai un libro nunha arañeira ou por que unha maceira medra no medio dun libro... todo isto e moito máis pódelo descubrir nesta biblioteca chea de fantasía!



Carmen Domech preséntanos nesta exposición arredor de cincuenta libros transformados nalgo máis que historias escritas. Esta transformación pasa por converter o libro nun obxecto plástico que é por si só evocador da súa historia e doutras, gracias á imaxe que debuxa.

A presente mostra é o resultado dun extenso traballo de animación á lectura que a súa creadora leva desenvolvendo dende o ano 86, a través de diferentes programas e proxectos.



Esta exposición está concibida coa intención de achegar ó obxecto libro baixo unha mirada aberta, animada e creativa.

Intenta abrir unha porta ó fértil terreo da imaxinación. Animar aos visitantes a que inventen as súas aventuras arredor destes libros e fantasíen co que pode agardar tras os lombos dun libro do estante da súa biblioteca.

Tanto ao crear e contar historias, como ao plasmalas a través das artes plásticas, poden ser as historias as que provoquen a metamorfose do libro ou o libro animado o que evoque unha historia, unha anécdota, unha aventura...

